

# Librerías de compatibilidade

## Introdución

- A medida que as versións do S.O. Android foron avanzando, apareceron novos controis e novas formas de xestionar os controis existentes.
- Para facer compatible estas novidades cos dispositivos antigos, Android permite incorporar unha serie de librerías para facer que os dispositivos antigos poidan visualizar estes controis.

- **Referencias:**

- ◆ Support Library: <https://developer.android.com/tools/support-library/index.html>

## Creación de Activities

- Cando creamos unha activity nova pódese escoller (durante o asistente) a opción BlankActivity ou EmptyActivity.
  - ◇ Se se escolle BlankActivity fai que a activity derive de ActionBarActivity para que amose unha barra de menú e que sexa compatible con versións anteriores a API 11. Ao facelo importaremos no noso proxecto a clase **android.support.v7.app.ActionBarActivity** e o mesmo tempo engadirá ao noso proxecto a librería **appcompat\_v7**.
  - ◇ Se se escolle EmptyActivity fai que a activity derive de Activity. Neste caso supoñemos que o min target API é 11 ou superior. Neste caso a barra de menú xa vai na propia activity e non hai que utilizar ningunha librería.